

MARÉ

IDIOMA Cesáreo Sánchez: "Non é que o galego sexa tratado con desleixo senón que hai un proxecto para desmantelar todo o vinculado ó idioma"

"A lingua é o noso capital"

Os escritores galegos comezan mañá os XXVI Encontros Galeusca sobre os seus retos de futuro

V. Oliveira · Santiago

O mes de xullo pasado, a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) facía público, diante da estatua de Rosalía de Castro na Alameda compostelá, un manifesto contra a ruptura por parte da Xunta, do proceso de "restitución á normalidade" do galego. Agora, tras a súa adhesión ás plataformas sociais erixidas en portavoces da resistencia cultural aos ataques contra o idioma, os escritores galegos -que mañá comezan a XXVI edición dos Encontros Galeusca- queren deixar claro, por boca do presidente da AELG, Cesáreo Sánchez, que "a literatura, a cultura e por extensión a lingua como expresión da identidade propia é o máximo capital dun país e ten máis peso que a propria economía".


É máis, para o representante dos autores galegos, os ataques do Goberno de Núñez Feijoo contra o idioma teñen o obxectivo de "anular os dereitos constitucionais do noso idioma". "Non é que o idioma estea tratado con desleixo, como o foi noutras momentos da historia, senón que hai un proxecto para desmantelar todo o vinculado ao galego", asegura Cesáreo Sánchez.

"Unha literatura en galego sen o galego sería como un corpo sen alma... Pero somos un pobo con futuro e mantemos a esperanza de que a nosa lingua sobreviva pois temos unha cultura moi viva e respectada, a pesares dos atracos dos que non son máis que uns acompleados", engade o presidente da AELG.

Debates sobre a autoría, a difusión ou as asociacións

Os escritores galegos, xunto aos cataláns e vascos participan a partir de mañá e ate o 12 de outubro nos XXVI Encontros Galeusca que este ano se celebra en Arantzazu (Guipúzcoa) co tema *Pequenas Literaturas, grandes retos*. Un dos temas que abordarán será o referido aos dereitos de autor. "Ten que ver co recés consensualizado contrato entre editores e escritores a nivel estatal. Nós asumímos como propio aínda que os sistemas literarios teñan distintos grados de consolidación nas industrias culturais", explica Sánchez.

O Galeusca aproveitará esta reunión para reflexionar sobre a propia estrutura das tres asociacións, despois de cumplirse un ano da súa constitución como federación na que "convídamos a entrar a outras asociacións", di o poeta nado no Irixo. Ante a emerxencia de novas tecnoloxías para relacionarse en internet,



Cesáreo Sánchez deu lectura do manifesto contra a política lingüística da Xunta, o pasado xullo na Alameda

A AELG ADHÍRESE Á MANIFESTACIÓN

'Queremos Galego' celebra en Ferrol unha ruada en defensa da lingua

A plataforma Queremos Galego -á que a AELG se adhirió para a manifestación do vindeiro 18 de outubro- convocou hoxe ás sete da tarde en Ferrol unha ruada musical en defensa da lingua. Comezará na Praza de Armas, frente ao Palacio municipal e percorrerá diversas rúas do centro da cidade departamental.

Os portavoces da plataforma explicaron que o acto terá unha importante componente lúdica e festiva, áida que tamén reivindicativa. A convocatoria é preparatoria da manifestación convocada para o próximo domingo 18 de outubro en Santiago en defensa do idioma propio de Galicia. Durante o percorrido deste particular

cortexo musical, cantaránse algúns pezas con letras alusivas: "a situación lingüística do país" con tra a que "destructiva" política por parte do actual Goberno da Xunta no ámbito da lingua ou da cultura, con medidas como a supresión das galescolas, a eliminación do artigo 35 da Lei da Función Pública, a retirada das axudas á tradución de libros ou a anunciada derogación do decreto de uso do galego no ensino non universitario.

Queremos Galego ten intención de dirixirse a todos os concellos de Ferrolterra para proporles que facilitem a asistencia á manifestación do 18 de outubro a todos os vecinos interesados en asistirem, con autobuses gratuitos.

A delegación galega que asistirá a os encontros de Arantzazu tamén abordarán os novos soportes en internet. "Para o Congreso de Novos Escritores que se celebrará a finais de outono creouse un blog na rede para que os participantes vaían colgando as súas impresións", exemplifica Cesáreo Sánchez.

Por último, debaterán sobre como difundir as literaturas escritas en lingua minorizadas "no ámbito máis próximo e internacional". Ao ver do presidente da AELG, "a literatura e a cultura en xeral é a grande embaixadora dos países. Difícilmente unha economía se pode relacionar se non o fai antes unha cultura".

A delegación galega que asistirá a os encontros Galeusca estará integrada por Cesáreo Sánchez, Alfredo Ferreiro, Antía Otero, Autón Riveiro Coello, Armando Requeijo, Doros Tembrás, Eva Moreira, Fran Alonso, Francisco Castro, Laura Caveiro, Marcos Calveiro, Mercedes Queixas, Paco Souto e Rexina Vega. •